



MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Formación do Profesorado

Curso Académico: 2017/2018

Índice

1.-Introdución.....	3
2.-Informe de seguimento do Sistema de Garantía de Calidade.....	6
3.-Plan de Melloras do Centro.....	14
4.-Anexo: Autoinformes de seguimento	45

1) Introducción

A Facultade de Formación do Profesorado é consciente da importancia que ten a calidade no contexto universitario para garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia neste ámbito. Tomando como referencia a política de calidade da USC, a Facultade de Formación do Profesorado deseña as súas propias accións marcándose como principal obxectivo o desenvolvemento de programas formativos que estean avalados por unha xestión de calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

Desde esta perspectiva, a Memoria de Calidade da Facultade de Formación do Profesorado correspondente ao curso académico 2017-2018 foi elaborada pola Comisión de Calidade do Centro e recolle información relativa ao Sistema de Garantía de Calidade, ao seguimento dos títulos impartidos na Facultade e ao plan de melloras do centro para o curso 2018-2019, incluíndo as accións de mellora derivadas do seguimento dos títulos.

O ámbito de aplicación do SGC durante o curso 2017-2018 afecta a todas as titulacións impartidas no centro e a todas as persoas da Facultade: alumnado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos. Os títulos vinculados á Facultade que estiveron vixentes durante o curso 2017-2018 foron:

- Grao en Mestre/a de Educación Infantil
- Grao en Mestre/a de Educación Primaria
- Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas
- Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza

Os tres primeiros títulos impártense conxuntamente coa Facultade de Ciencias da Educación, mentres que o Máster DAEN é un título exclusivo desta Facultade.

Durante o curso 2017-2018 continúaase a impartir o Dobre Grao en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria o cal comezara no curso 2016/2017. Os alumnos xa están no segundo curso ademais dos novos que entraron en primeiro curso.

Por outra banda, durante o curso 2017-2018 se continua aplicando a Programación Plurianual do período 2016-2020 (apróbese pola Xunta de Facultade o 14 de marzo do 2017) e o Plan Estratéxico para o mesmo período (apróbese polo Consello de Goberno con data 27 de abril de 2017).

Considérase documentación de referencia para o desenvolvemento do SGC, ademais da normativa xeral estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e do Manual do SGC e procesos asociados, a que se inclúe a continuación:

- Memoria para a verificación do título de Grao en Mestre/a de Educación Infantil pola USC.
- Memoria para a verificación do título de Grao en Mestre/a de Educación Primaria pola USC.
- Memoria para a verificación do título de Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas pola USC.
- Memoria para a verificación do título de Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza pola USC.
- Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Formación do Profesorado.
- Regulamento de Réxime Interno da Comisión Académica do Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas.
- Regulamento de Réxime Interno da Comisión Académica do Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza.

Os órganos de goberno, comisións e cargos que interveñen directamente no desenvolvemento do SGC son o Equipo decanal, a Comisión de calidade, o/a responsable de calidade do centro, as comisións de título e os/as coordinadores/as de título. As funcións de cada un deles en relación co desenvolvemento do SGC poden consultarse no Capítulo 3.2 do Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Formación do Profesorado.

Son membros da Comisión de Calidade:

- O/a Decano/a do centro, que a preside.
- Responsable de calidade do centro (RCC).
- Coordinador/a de calidade.
- Coordinadores/as de titulación/s.
- 1 membro do persoal de apoio (preferiblemente será o responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamento ou persoa que designe o/a decano/a do centro).
- 1 alumno/a como mínimo, preferiblemente alumno/a-titor/a ou representante do estudiantado.

Son funcións da Comisión de Calidade:

- Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e a mellora do SGC na Facultade.
- Elaborar a Memoria de Calidade da Facultade (MCC).
- Fomentar a realización e o seguimento periódico do plan de melloras anual do centro.

 USC <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small> FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 04/06/2019 (Xunta de Facultade)
		Páxina 5 de 45

- Estimular a participación de todos os colectivos implicados na avaliación e mellora da calidade das titulacións que se imparten no centro.
- Realizar o seguimento dos resultados do centro.
- Propoñer ao equipo de dirección a información que deba ser pública.
- Informar favorablemente, ou propoñer modificacións se é o caso, dos informes de resultados ou seguimento/acreditación elaborados polas comisións de título.

Durante o curso 2017-2018, a Comisión de Calidade celebrou as seguintes reunións:

- 21 de marzo de 2018, co obxecto de aprobar, se procede, da acta da sesión anterior, realizar os informes de seguimento (2016-2017) dos títulos de Graduado/a en Mestre de Educación Infantil, Graduado/a en Mestre de Educación Primaria, Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza e Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas.
- 24 de maio de 2018, co obxecto de adaptar O Sistema de Garantía de Calidade do centro ao novo sistema marco de calidade.
- 26 de xuño de 2018, co obxecto da aprobación, se procede, das actas anteriores, realización dun informe de abandono potencial das titulacións de Grao (2017-2018), proposición de actividades formativas desenvolvidas por profesonais externos, aprobación, se procede, da Memoria de Calidade do Centro correspondente ao curso 2016-2017.

Esta Memoria de Calidade da Facultade de Formación do Profesorado correspondente ao curso 2017-2018 contén un Plan de Melloras que foi sometido a un período de exposición pública para que os representantes dos distintos grupos de interese puidesen facer as súas achegas ou suxestións. Unha vez completado este trámite, a Memoria foi aprobada pola Comisión de Calidade e pola Xunta de Facultade con data 4 de xuño de 2019.

2) Informe de seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade

O Sistema de Garantía da Calidade (SGC) conforma un elemento esencial na política e actividades formativas da USC. O seu obxectivo básico é garantir a calidade de todas as titulacións mediante a actualización constante da oferta académica e a mellora continua dos programas formativos, de xeito que se facilite a acreditación das titulacións e o mantemento da mesma, así como a satisfacción das necesidades e expectativas dos grupos de interese.

2.1. Procesos, procedementos e documentación do SGIC

O SGC marco da USC está deseñado seguindo os modelos da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade (ANECA) e mais da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), e está articulado en 6 directrices que corresponden coas directrices SGC do programa FIDES-AUDIT articuladas en 10 criterios (ESG 2015). Os documentos que configuran o SGC son o "Manual do Sistema de Garantía de Calidade" e o "Manual de Procesos". Ambos os dous documentos, están dispoñibles a través da páxina web da Facultade, no seu epígrafe dedicado ao Sistema de Garantía de Calidade: <http://www.usc.gal/gl/centros/ffp/sgic.html>

A Comisión de Calidade do Centro e, posteriormente, a Xunta de Facultade fixeron no ano 2013 unha simplificación da edición inicial dos manuais de centro do SGIC, no ano 2014 se fixo unha modificación dos indicadores e indicadores dispoñibles dentro do SGC. Posteriormente no ano 2018 se fixo unha revisión e simplificación documental: supresión do Manual extenso e supresión do manual de procesos e procedementos obsoletos para ser aprobado, con data 21 de setembro de 2018 a actualización do Manual da Facultade de Formación do Profesorado.

No curso 2017-2018 tivo lugar polo tanto o cambio dos manuais obsoletos aos novos manuais, para ter a Facultade de Formación do Profesorado actualizada en canto aos procesos de calidade.

2.2. Recursos humanos

Cómpre deixar constancia, unha vez máis, da incidencia negativa das restricións orzamentarias nos procesos de contratación de profesorado, tanto no que se refire á súa adecuación cuantitativa como ás condicións de precarización laboral ás que se ve sometido, cunha imparable diminución da porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total (29,85% segundo os últimos datos dispoñibles, fronte ao 64,75% de media da USC).

Os históricos desequilibrios entre as áreas de coñecemento implicadas na docencia dos títulos que se imparten nesta Facultade (ciencias sociais e xurídicas) e outras grandes áreas (ciencias, ciencias da saúde, enxeñaría), lonxe de acurtarse, increméntanse progresivamente. Por esta razón, a maior parte das áreas de coñecemento presentes na Facultade son moi deficitarias, o que fai que a docencia se vexa gravemente afectada cando se produce calquera continxencia, mesmo prevista, ao longo do curso.

Ante un colectivo docente escaso e precarizado en boa medida, compre valorar o seu compromiso e implicación no desenvolvemento das titulacións. Non obstante, é necesario adaptar o cadro de persoal ás necesidades reais e diminuír a presenza de PDI contratado a tempo parcial e con figuras contractuais precarias.

O número total de docentes é especialmente preocupante se o comparamos co de estudantes matriculados, o que inflúe negativamente na ratio profesor/alumno e no tamaño dos grupos de docencia, poñendo en cuestión a calidade da formación que se oferta. Estas circunstancias non favorecen a consecución dos obxectivos profesionais dos títulos nin a axeitada adquisición das competencias, sendo preciso poñer en coñecemento das autoridades competentes a necesidade de activar compromisos de mellora a curto e medio prazo para reverter esta situación.

Polo que se refire ao persoal de apoio (conserxería, administración e biblioteca), é suficiente e conta coa cualificación apropiada para desenvolver as súas funcións en relación cos títulos, aínda que sería desexable reforzar a dispoñibilidade de persoal de conserxería en quenda de tarde.

2.3. Recursos materiais

Os recursos materiais e servizos dispoñibles para impartir as titulacións poden cualificarse de limitados, tanto polo que se refire aos recursos (aulas de uso xeral, aulas específicas, aulas-seminario, laboratorios e espazos con dotación específica, espazos para traballo en grupo dos estudantes, bibliotecas, recursos en rede para a docencia e outros servizos) como aos mecanismos para garantir a revisión e o mantemento (infraestruturas materiais e servizos necesarios).

A Facultade segue a padecer evidente escasez de espazo para un adecuado desenvolvemento da docencia, ante a inexistencia dunha resposta axeitada ao feito de que case a metade do edificio propiedade da USC está ocupada polo CEIP Anexa. A paralización das negociacións entre a USC e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación co uso compartido dos espazos e instalacións adiou *sine die* a solución definitiva a este problema. Neste senso, resultan moi xustificadas as queixas de todos os grupos de interese (estudantes, egresados, profesorado, persoal de administración e servizos) en relación coas infraestruturas e recursos materiais dispoñibles.

2.4. Rendemento

Os indicadores sobre resultados (2017-2018) ofrecen valores moi positivos en xeral, tal como se desprende da táboa seguinte:

	Grao en Mestre/a de Educación Infantil	Grao en Mestre/a de Educación Primaria	Máster en Profesorado de Educación Secundaria	Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza
Taxa de rendemento	90,61	90,25	93,03	88,63
Taxa de éxito	95,37	95,27	99,81	98,69
Taxa de avaliación	95,01	94,73	93,21	89,80
Taxa de graduación	76,19	73,17	96,43	85,19
Duración media dos estudos	4,38	4,29	1,12	1,30
Taxa de abandono durante o primeiro curso	7,46	9,52	-	-
Taxa de abandono RD 1393/2007	17,46	15,85	1,79	3,70

2.5. Satisfacción dos grupos de interese, recursos e queixas

Segundo se desprende dos datos que figuran na Memoria de Actividades da Oficina de Análise e Reclamacións (OAR) correspondente ao curso 2017-2018, a Facultade de Formación do Profesorado resolveu 2 recursos e 1 queixa ou suxestión.

Polo que se refire aos recursos presentados, ambos corresponden ao Máster en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas; o tema de obxecto dos recursos foi o de anulación de matrícula e todos foron desestimados.

No que respecta ao apartado de queixas e suxestións, a única queixa corresponde ao Máster en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas, o tema obxecto da reclamación foi o de horarios, a reclamación foi desestimada.

Á marxe dos recursos e queixas que constan na Oficina de Análise e Reclamacións, a Facultade dispón doutros mecanismos para coñecer a satisfacción dos grupos de interese, nomeadamente a través das coordinacións de curso e título para o caso dos Graos.

Neste senso, as queixas recibidas durante o curso 2017-2018 refírense, sobre todo, a problemas de coordinación entre algúns profesores/as da mesma área e/ou de diferente área de coñecemento que comparte materia (reiteración de contidos, excesiva carga de traballo que esixe cada profesor/a e coordinación na avaliación), queixas relativas á falta de espazos dispoñibles, á configuración dos horarios de clase (horarios pouco equilibrados e coincidencia horaria entre algunhas materias optativas). Estas incidencias foron recollidas polos respectivos delegados/as de curso das Titulacións de Infantil, Primaria e Dobre Grao nun Informe que posteriormente foi enviado ás correspondentes coordinacións de curso quen a súa vez, remitíunos aos coordinadores de Título de Infantil, Primaria e Dobre Grao. Dende as Coordinacións de Título fixéronse as xestións oportunas para solucionar algunhas destas incidencias falando, por exemplo, co profesorado afectado que comparte materia.

En relación aos problemas de espazos, xa se fixo alusión a eles no punto 2.3 nesta Memoria.

Por outra banda, os atrancos organizativos derivados da configuración dos horarios de clase son ben coñecidos polo Decanato, sen fácil solución debido aos problemas de espazo xa aludidos e á insuficiencia de profesorado, ao que cómpre engadir os condicionamentos de horario propios do profesorado asociado e a necesidade de elaborar uns horarios compatibles para o alumnado que cursa o dobre grao en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria.

Destacar, por último, que estes temas foron abordados pola Comisión de Título de Grao en Mestre/a de Educación Infantil e Grao en Mestre/a de Educación Primaria na reunión conxunta celebrada o 12 de Xullo de 2018.

No caso das titulacións de Máster que oferta a Facultade, as queixas que presentan os estudantes responden a incidencias concretas e diversas, que adoitan ser resoltas directamente pola coordinación do título correspondente, sen necesidade de intervención por parte do Decanato.

2.6. Estado do Plan de Melloras 2017-2018

AM-01. Proponer actividades formativas (relatorios, talleres e outras actividades) desenvolvidas por profesionais externos, que contribúan a mellorar os contidos dos títulos, ao tempo que facilitan a vinculación do coñecemento académico e a práctica profesional (continuidade da AM-09/2016-2017).

Acción executada. Contouse cunha axuda de 2.581,00 euros, procedente da convocatoria de axudas para o desenvolvemento de accións de mellora da docencia (2018). Desenvolvéronse todas as actividades programadas dentro do prazo previsto para o remate da actividade. Proponse a súa continuidade para o curso 2018-2019 (AM-01).

AM-02. Instalar altofalantes con amplificador nas aulas 22 e 24 (continuidade da AM-02 do curso 2015-2016).

Acción executada.

AM-03. Coordinar os programas das materias, de maneira que se eviten reiteracións e solapamentos entre elas.

Acción executada. Dende as Coordinacións dos Títulos instouse ás Coordinacións de Curso á revisión dos programas das materias para evitar solapamentos ou duplicidades de contidos. Aqueles casos detectados foron trasladados aos docentes implicados, quen introduciron as modificacións pertinentes.

Proponse a súa continuidade para o curso 2018-2019 (AM-02).

AM-04. Garantir que o sistema de avaliación empregado polo profesorado dunha mesma materia sexa homoxéneo e conforme ao establecido no programa.

Acción executada. Dende as Coordinacións dos Títulos instouse ás Coordinacións de Curso á trasladar información sobre a normativa de avaliación ao profesorado de materias compartidas, de xeito que o sistema de avaliación de cada unha desas materia sexas homoxéneo e conforme ao establecido no programa e na normativa.

Proponse a súa continuidade para o curso 2018-2019 (AM-03).

AM-05. Realizar sesións informativas de orientación académica e laboral dirixidas ao estudiantado (xornada de acollida, medidas de atención á diversidade e necesidades especiais, procedemento de ingreso no corpo de Mestres).

Acción executada. Sobre a base dos datos do informe sobre necesidades de titorización e orientación na Universidade, realizado no curso 2016-17, ofrecéronse ao alumnado as seguintes actividades: Xornada de acollida, na primeira semana de clase, coa finalidade de dar unhas directrices básicas acerca dos títulos; información sobre o Servicio de Promoción e Integración Universitaria (SEPIU) dirixido a aquelas persoas que puideran precisar de medidas de atención á diversidade; por último, asociacións de carácter social impartiron charlas dirixidas a dar a coñecer o procedemento de ingreso no corpo de Mestres e Mestras.

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 04/06/2019 (Xunta de Facultade) <hr/> Páxina 11 de 45
--	----------------------------	---

A orientación académica foi abordada mediante sesións informativas sobre as Mencións Cualificadoras e a orientación laboral a través dunha conferencia impartida pola Área de Orientación Laboral e emprego da USC. Propónse a súa continuidade para o curso 2018-2019 (AM-04).

AM-06. Diseñar, organizar e avaliar cursos sobre competencias informacionais, en particular de orientación e apoio para a elaboración de TFG.

Acción executada. Dende a Dirección da Biblioteca da Facultade de Formación de Profesorado impartíuse, dentro do *Programa de Formación en Competencias Informacionais (CI)* da BUSC, o *Curso AVANZADO de Competencias en Información*, dirixido a alumnado de 4º curso dos Graos de Infantil e Primaria. Supón unha ampliación dos contidos do *Curso Básico* (ofrecido ao alumnado de 1º) e incorpora un módulo específico sobre a metodoloxía de elaboración dun TFG (*Módulo 5. Tratar a información. Como se fai un Traballo de Fin de Grao*).

Esta formación faise en coordinación cos coordinadores de 4º curso e cun profesor de cada grao que cede un tempo na aula para a presentación do mesmo.

O curso desenvólvese de forma virtual (salvo unha sesión presencial de presentación na aula) a través do campus Virtual da USC, cun tempo estimado de traballo do alumnado de 25 horas. A actividade permite solicitar un diploma ao CeTA, que certifica ás 25 horas e os contidos traballados.

Propónse a súa continuidade para o curso 2018-2019 (AM-06).

AM-07. Promover a participación en actividades dirixidas á formación continua do PDI e dos titores externos do Prácticum.

Non executada.

AM-08. Promover e facilitar a participación do PAS nas actividades de formación continua.

Acción executada. No curso 2017-18 constatouse un incremento na participación do PAS desta Facultade en actividades de formación continua

AM-09. Continuar coa participación no Programa A Ponte entre o Ensino Medio e a USC no Campus XuvenCiencia, así como noutras iniciativas de captación de estudantes que promova ou desenvolva a USC.

Acción executada. A Facultade continuou no Curso 2017-18 con esta participación xa iniciada en cursos anteriores. Propónse a súa continuidade para o curso 2018-2019 (AM-07).

AM-10. Incrementar a participación do alumnado na Xunta de Facultade e nas diferentes comisións.

Acción executada con resultados parciais, a pesar dos reiterados esforzos levados cabo polas Coordinacións de título. Propónse a súa continuidade para o curso 2018-2019 (AM-08).

AM-11. Xestionar a creación dun departamento que agrupe o PDI pertencente aos ámbitos de coñecemento relacionados coa formación do profesorado.

Acción executada. Debatiuse sobre a proposta na Facultade e realizouse unha consulta ao profesorado sobre o tema, non conseguíndose o número mínimo de profesorado necesario para levar adianta a proposta. Non se propón a súa continuidade para o curso 2018-19.

AM-12. Introducir estratexias de inclusión da perspectiva de xénero na docencia do Máster.

Acción executada parcialmente. Na materia Educación, Sociedade e Política Educativa no curso 2017-2018, incorporouse un tema que inclúe a perspectiva de xénero.

Propónse a súa continuidade para o curso 2018-2019 (AM-09).

AM-13. Revisar as guías docentes e programas da titulación, actualizando os aspectos necesarios (continuidade da AM-12/2016-2017).

Acción executada. Desde a Comisión Académica do Máster instouse ás coordinacións de área e ao profesorado a revisar as guías das materias correspondentes, especialmente no referido á avaliación nos casos de concesión de dispensa de asistencia a clase en virtude da nova normativa aprobada polo Consello de Goberno da USC. Propónse a súa continuidade para o curso 2018-2019 (AM-10)

AM-14. Identificar o alumnado pendente de titular por non ter defendido o TFM e atendelo de maneira máis personalizada (continuidade da AM-16/2016-2017).

Acción executada parcialmente. Propónse a súa continuidade para o curso 2018-2019 (AM-11)

AM-15. Propoñer actividades formativas (relatorios e outras actividades) a cargo de profesionais externos.

Acción executada. Propónse seleccionar anualmente aos ponentes apropiados, programar as actividades financiadas e realizar as actividades programadas. Propónse a súa continuidade para o curso 2018-2019 (AM-12).

AM-16. Diseñar, organizar e avaliar cursos específicos de orientación e apoio para a elaboración de TFM (cursos de competencias en información na contorna dixital).

Acción executada. Logrouse o resultado previsto con data 31 de Decembro do 2018. Os responsables das direccións das Bibliotecas das Facultades e Coordinación do título deseñaron, organizaron e avaliaron cursos específicos de orientación e apoio para a elaboración de TFM (cursos de competencias en información na contorna dixital). Propónse a súa continuidade para o curso 2018-2019 (AM-13).

AM-17. Constituír un grupo de innovación docente interdisciplinar en relación coas actividades ao aire libre e as potencialidades educadoras da natureza.

Acción posposta para estudo no curso 2018-2019 (AM-14)

 USC <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small> FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 04/06/2019 (Xunta de Facultade)
		Páxina 13 de 45

AM-18. Adquirir material de campo e montaña, de pernocta e sendeirismo para a formación dos estudantes do título .

Acción executada. Contouse cunha axuda para esta acción a cargo da convocatoria específica para o Campus Terra por valor aproximado de 3.900 euros

AM-19. Adquirir material para plantar árbores. Instalación dun viveiro de árbores no horto de balcón da Facultade.

Acción executada. Contouse cunha axuda para esta acción a cargo da convocatoria específica para o Campus Terra por valor aproximado de 1.560 euros

AM-20. Realizar unha práctica de campo e actividades ao aire libre en Potes (Cantabria) cos estudantes e profesores da Universidade de Cumbria (Reino Unido) que imparte un título semellante ao máster DAEN (continuidade da AM-24/2016-2017).

Acción executada. Contouse cunha axuda para a realización desta práctica de campo, o que permitiu desenvolver a acción de xeito eficaz, realizando varias actividades conxuntas e consolidando o intercambio académico entre a USC e a Universidade de Cumbria. Proponse a súa continuidade para o curso 2018-2019 (AM-15).

3) Plan de Melloras do Centro 2018-2019

LISTAXE DE ACCIÓNS

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AM-01	Informes de seguimento dos títulos de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil e Mestre de Educación Primaria (en adiante GMEI e GMEP)	Propoñer actividades formativas (relatorios, talleres e outras actividades) desenvolvidas por profesionais externos, que contribúan a mellorar os contidos dos títulos, ao tempo que facilitan a vinculación do coñecemento académico e a práctica profesional (continuidade da AM- 01/2017-2018)	En execución	Decanato Coordinacións dos títulos Coordinación xeral do Prácticum	Maio 2019	En execución
AM-02	Informes de seguimento dos títulos de GMEI e GMEP	Coordinar os programas das materias, de maneira que se eviten reiteracións e solapamentos entre elas (continuidade da AM- 03/2017-2018)	En execución	Coordinacións dos títulos Coordinacións de curso	Xuño 2019	En execución
AM-03	Informes de seguimento dos títulos de GMEI e GMEP P	Garantir que o sistema de avaliación empregado polo profesorado dunha mesma materia sexa homoxéneo e conforme ao establecido no programa (continuidade da AM- 04/2017-2018)	En execución	Coordinacións dos títulos Coordinacións de curso	Xullo 2019	En execución
AM-04	Informes de seguimento dos títulos de GMEI e GMEP	Realizar sesións informativas de orientación académica e laboral dirixidas ao estudiantado (xornada de acollida, medidas de atención á diversidade e necesidades especiais, procedemento de ingreso no corpo de Mestres) (continuidade da AM- 05/2017-2018)	En execución	Decanato Coordinacións dos títulos	Maio 2019	En execución

AM-05	Informes de seguimento dos títulos de GMEI e GMEP	Deseñar, organizar e avaliar cursos sobre competencias informacionais, en particular de orientación e apoio para a elaboración de TFG (continuidade da AM-06/2017-2018)	En execución	Coordinacións dos títulos Dirección da Biblioteca Profesorado titor TFG	Decembro 2019	En execución
AM-06	Informes de seguimento dos títulos de GMEI e GMEP	Continuar coa participación no Programa A Ponte entre o Ensino Medio e a USC e mais no Campus XuvenCencia, así como noutras iniciativas de captación de estudantes que promova ou desenvolva a USC (continuidade da AM-09/2017-2018)	En execución	Decanato Coordinación dos Programas Profesorado	Xullo 2019	En execución
